

CINENSINO



O día 1 de Xuño, o alumnado do Ceip de Oímbra xunto con dous dos seus mestres, Iván e Raúl, achegábanse por derradeira vez neste curso, ata o IES Taboada Chivite para ver a terceira e última película deste ciclo.

A película *Up* dábanos pé a traballar a unidade didáctica "Tolerancia: respecto polos maiores"



Up é unha comedia sobre un vendedor de globos de 78 anos, Carl Fredricksen, quen finalmente consegue levar a cabo o soño da súa vida ao enganchar miles de globos á súa casa e saír voando rumbo a América do Sur. Pero descobre demasiado tarde que o maior dos seus pesadelos embarcouse tamén na viaxe: un Explorador da

Xungla chamado Russell, que ten 8 anos e un optimismo a proba de bomba.

Fomos os primeiros en chegar. A persoa que coordina o programa mandounos sentar nas primeiras filas do salón.

A película gustounos moito.

Ao rematar subimos ao autobús que estaba agardando para levarnos de volta ao centro. Chegamos xustiños para comer.

¡Hoxe comezamos a xornada única!

